

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019-2020

E.E.I. FERNÁNDEZ VARELA
POBRA DO CARAMIÑAL

ÍNDICE

O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....Páx.3

COMPETENCIAS BÁSICAS A TRABALLAR NESTE TERCEIRO TRIMESTRE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NO TERCEIRO TRIMESTRE.....Páx.5

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE..... Páx.7

COUTRAS PROPOSTAS REMARCABLES QUE APARECEN NA NOSA WEB

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE..... Páx.37

INFORMACIÓN AO ALUMNADO

PUBLICIDADE

O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Para tratar este punto, partimos das aportacións feitas por Zabalza e Arnau, os cales definen este termo como a *capacidade ou habilidade para facer fronte a situacións diversas de xeito eficaz nun contexto determinado, mobilizando actitudes, habilidades e coñecementos ao mesmo tempo e de xeito interrelacionado*. Son aprendizaxes que se consideran imprescindibles e van asentando bases máis sólidas para que poidan ir evolucionando, a través da aprendizaxe significativa (Ausubel) e funcional ca adquisición de estratexias e destrezas, que vaian de máis sinxelas a máis elaboradas, actividade autoestructurante (Vigotsky). A súa incorporación reforma a práctica educativa de "aprender a aprender" por "aprender facendo". No noso decreto curricular marca o tratamento das competencias porque a educación infantil é a primeira etapa do sistema educativo onde se asentan as bases dos aprendizaxes futuros, se ben a LOE establece o seu tratamento obrigatorio na educación primaria e na ESO.

COMPETENCIAS BÁSICAS A TRABALLAR NESTE TERCEIRO TRIMESTRE

CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS DE E.I. AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Competencia en comunicación lingüística

Contribuiremos á mellora da competencia lingüística desde a educación infantil fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

A comunicación lingüística, traballándoa a través de conversas e diálogos formais e informais emerxentes da curiosidade dos cativos/as.

Competencia matemática

Contribuiremos á mellora da competencia matemática na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

A matemática abordarase a través de series, clasificacións, ordenando secuencias, mediante a modificación da cantidade, inclusión de elementos, series...

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Contribuiremos á adquisición desta competencia iniciando ao alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solución.

Na de coñecemento e interacción co mundo físico, achegarémonos o contorno próximo e os seres vivos e inertes que nel habitan.

Tratamento da información e competencia dixital

Para mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situación nas cales sexa necesario resolver problemas reais para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

No tratamento da información e competencia dixital introducíronos nas novas tecnoloxías a través do uso do ordenador, encerado dixital, cámara de fotos e vídeo, cámara web... como medio de captar expresións, sentimentos, vivencias, sucesos...

Competencia social e cidadá

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisión con autonomía.

A competencia social e cidadá, tratarémola abríndonos á comunidade social na que estamos inmersos asumindo roles e vivencias dentro da mesma.

Competencia cultural e artística

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia abríndonos ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, convertindo a escola nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística

para realizar creacións propias: onde se manteña unha actitude aberta respetuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

A competencia cultural e artística abordarémola a través do coñecemento do contorno, das súas costumes, valorando as distintas linguaxes e formas de expresarnos co medio...

Competencia para aprender a aprender

Contribuiremos á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai a realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

Na competencia de aprender a aprender buscaremos distintas técnicas de investigación que nos leven a buscar solucións e a favorecer a creatividade e a intuición fomentando as intelixencias múltiples que apoiaba Gardner e o pensamento diverxente que definía Guilford, buscando varias solucións para un problema expresándoo a través de distintas vías comunicativas.

Autonomía e iniciativa persoal

Contribuiremos a mellorar esta competencia permitindo ao noso alumnado imaxinar emprender acción desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade. O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas "de saber" e "de facer" contextualizadas.

E a de autonomía e iniciativa persoal, desenvolvéndonos de xeito cada vez máis autónoma nas actividades diarias: alimentación, hixiene, hábitos de orde e limpeza....

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NO TERCEIRO TRIMESTRE

Tendo en conta a situación na que nos atopamos, a avaliación se fundamentará nas Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Procedementos e Instrumentos de avaliación

@ En Educación Infantil, a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, polo tanto, contemplará tres momentos igual de importantes para asegurar un bo desenvolvemento do noso traballo; será global, continua e formativa. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

A avaliación final das aprendizaxes adquiridas polos nosos/as alumnos/as durante o curso 2019-2020, considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas nas nosas programacións. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como, as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

@ Ademais da necesaria coordinación entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Realizaremos **Comunicacións entre docentes**:

- **COMUNICACIÓNS ENTRE CENTRO-DOCENTES**; a través da aplicación Abalarmóbil, do correo corporativo do Centro, videochamadas e teléfono.
- **COMUNICACIÓNS SEMANAIS ENTRE DOCENTES**; empregando os recursos tecnolóxicos facilitados pola administración educativa; a través de videochamadas os mestres iremos planificando o traballo que consideramos necesario propoñer aos nosos/as alumnos/as.

De igual maneira, a planificación das tarefas que propoñemos ás familias por parte das docentes, serán remitidas ao correo do Centro, quen se encargará de trasladalas ás mestras responsables de facer este traballo.

- Comunicacións **COAS FAMILIAS**:

FAMILIAS-CENTRO; A través da aplicación Abalarmóbil, do teléfono do centro e do correo do Centro educativo.

FAMILIAS-TITORAS; Este aspecto será de especial importancia para NÓS, mestras, en todo intre manteremos o contacto coas familias dos nosos/as nenos/as

de xeito telefónico; a través de chamadas e videochamadas. Empregando a Aplicación Abalarmóbil, a través das mensaxes, e como non, a través da nosa páxina Web.

@ Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución dos obxectivos da etapa. TENDO PRESENTE, QUE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL É GLOBALIZADORA E QUE PARTE DO RESPETO POLA INDIVIDUALIDADE DE CADA NENO/A, os alumnos/as de 3º e 4º de E.I., disporán de flexibilidade para acadar os obxectivos propostos na etapa de E.I., que veñen reflexados nas nosas programacións didácticas.

@ No que respecta á continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria, realizarase tendo en conta especialmente o seu progreso ou atraso, en especial no último curso da etapa coa finalidade de adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/2021 na ensinanza primaria. Será recollido en Xade.

@ Seguirase en todo momento tanto na Avaliación como nos termos de Promoción o establecido na Orde do 25 de Xuño do 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, onde di que: ao finalizar o segundo ciclo da educación infantil, a titora recollerá os datos máis relevantes dos informes de cada curso nun informe individualizado de cada alumno/a segundo se establece no artigo 23.2 desta orde e dacordo co modelo que figura como anexo III da mesma orde.

@ Deixarase constancia de todos os informes mediante rexistro electrónico: cubrirase electrónicamente os documentos oficiais de avaliación a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático Xade.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

Despois de realizar unha reunión por parte do claustro do noso centro, decideuse que cada mestra se adicase a un ámbito de experiencia e que programase para 4º, 5º e 6º de Infantil. Estas actividades colgaranse semanalmente na páxina web do centro como actividades que podan orientar o traballo das familias si éstas así o deciden. Estas actividades non serán de ningunha forma obrigatorias solo serán unha ferramenta de traballo que os oriente si así o necesitan. Partiremos da premisa de que estamos a vivir un momento difícil e o confinamento vai a provocar cambios no día a día dos rapaces e rapazas polo que seguramente existan situacións que lles provoquen conflitos e problemas. Polo que o que necesitan as familias é axuda cos seus fillos e eso é o que imos tratar de darlle desde o centro.

Deste xeito, durante este trimestre, continuaremos subindo diferentes TAREFAS e PROPOSTAS DE TRABALLO para os nosos cativos/as, tal e como vimos facendo ata o de agora, co propósito de que eles recuperen, repasen, reforcen e amplien as súas aprendizaxes, e sobre TODO, QUE DISFRUTEN E GOCEN APRENDENDO. Seguindo coa nosa liña de traballo.

Para poder abarcar TODAS AS COMPETENCIAS BÁSICAS, que o Equipo de docentes recolleemos nas nosas Programacións, consideramos de especial importancia, REORGANIZAR A NOSA PÁXINA WEB, ENGADINDO DIFERENTES PESTAÑAS NOS LATERAIS DA PÁXINA que traten de abarcar todos os contidos cos que pretendemos traballar cos nosos alumnos/as (Poden verse a relación de actividades propostas na páxina do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeifernandezvarela/>);

RECURSOS: Dentro do cal atoparedes diferentes Ámbitos de Traballo: Arte, Autonomía Persoal, Ciencias e Experimentos, Cálculo ABN, English, Estimulación da Linguaxe, Lecto-escritura e Xogos, Movemento e Música e Relixión. Dentro de cada un deles, as mestras vos iremos propoñendo a realización de diferentes TAREFAS SEMANALES para poder facer cos peques, así como vos facilitaremos diferentes enlaces a distintos recursos cos que podedes apoiar o voso traballo.

A continuación, imos expoñer o traballo en cada un dos Ámbitos.

ARTE

1-INTRODUCCIÓN

Entendemos a Educación Artística como unha formación humanística, é dicir, dende os significados, a imaxinación, a creatividade. A arte para comunicarse con un mesmo, para expresar, para ir descubrindo e descubrirse.

Entendemos o poder da Arte para espertar as nosas percepcións, as ideas, como fonte de coñecemento, para expresar realidades internas, o que se atopa dentro de nós.

Polo tanto, todo o mundo pode facer, pode expresarse dende o lugar onde se atope. Cada un debe facelo dende o seu momento, polo tanto, a produción que sae (sexa pintura, volumen,) será unha forma personal, que parte do propio pensamento e que téñ unha beleza específica.

Ademáis, esta ferramenta de expresión axudaranos a entender máis as nosas maneiras de actuar, de axustalas ás diferentes situacións da vida (tan importante neste momento), nos axudará a falar plástica e oralmente cos demais dos nosos pensamentos, ideas, ...

Tamén, é evidente que o traballo dos sentidos (tan importante na etapa na que nos atopamos) que sempre van ligados aos sentimentos, se poden educar, polo que, os momentos que adicamos ás actividades de tipo artístico se convirten en ocasións magníficas para, por un lado, percibir e experimentar, e por outro, cultivar e ser conscientes da propia sensibilidade e da dos demais.

2-OBXETIVOS

-Dotar ao noso alumnado de experiencias onde poidan percibir, extraer datos da realidade, identificar e recoñecer.

-Cultivar a memoria creadora: contar o que vivimos, o que aprendemos, o que descubrimos.

-Traballar a capacidade de concentración e atención de longa duración a través de diferentes actividades de observación, escolla, clasificación, planificación, organización, ...

-Posibilitar actividades que permitan establecer relacións e explicitalas: entre o que lle ofrece a escola e a vida cotiá, para outorgar significacións ás aprendizaxes, relacionar saberes-feitos-obxectos, ...

-Cultivar a sorpresa e a admiración: estimular a curiosidade e o ánimo de aprender a aprender.

-Animar a facer preguntas, a verbalizar as vivencias e aprendizaxes, ...

3-ACTIVIDADES

A continuación, e como exemplo das actividades expostas no apartado de Arte da nosa páxina web (que se renovan semanalmente), expoño a primeira das actividades: As Mandalas. Dicar que, cada semana se escolle un tema e se propoñen diversas actividades que xiran arredor dese tema ou elemento a traballar. Para a programación destas actividades tense en conta o momento que estamos a vivir, os recursos cos que poden contar as familias, os materiais que precisan, o grao de dificultade,... intentando que sexan o máis adecuadas posibles ás circunstancias. Tamén, de igual modo, se téñ en conta que sexan lúdicas, activas, e que deixen lugar á liberdade de creación.

1- ACTIVIDADE DE ARTE:

AS MANDALAS

1- A ACTIVIDADE QUE VOS PROPOÑEMOS A CONTINUACIÓN REQUIRE DUN TRABALLO PREVIO DE BUSCA DOS MATEIRAIS. PODEDES UTILIZAR TODO AQUELO QUE VÓS CONSIDERDES E QUE TEÑADES POLA CASA: FABAS, LENTELLAS. MACARRÓNS, TAPAS DE PLÁSTICO, ... OU ELEMENTOS NATURAIS COMO: PEDRAS, PAOS, FLORES, PÉTALOS, FOLLAS, ETC.

2- EN DIFERNTES CAIXIÑAS OU BOTES FACEMOS A CLASIFICACIÓN DO MATERIAL, QUE LOGO DE XOGAR, DEBERÁ IR PARA O MESMO LUGAR, E ASÍ QUEDAR TODO RECOLLIDO PARA XOGAR NOUTRO MOMENTO. ASÍ TAMÉN TRABALLAREMOS A CLASIFICACIÓN DE MATERIAIS, ORDEN, ETC.



3-EMPEZAMOS A **CREAR MANDALAS**. AS PRIMEIRAS VECES, PODEN TRABALLAR ENRIBA DUN PRATO, NUN CARTÓN, ETC, PARA QUE LLES SEXA MÁIS DOADO ORGANIZARSE ESPACIALMENTE. PODEMOS CREAR MANDALAS MOMENTÁNEAS, QUE RECOLLAN UNHA VEZ REMATEN DE XOGAR. PODEMOS FACER UN CADRO, PEGANDO CON COLA AS PEZAS, TAMÉN PODEMOS USAR FORRO DE PEGAR, BOLSAS DE GARDAR ALIMENTOS... E, INVENTAR MANDALAS PINTANDO, COMO POR EXEMPLO, NUN PRATO DE CARTÓN, ...



4- TAMÉN PODEMOS BUSCAR MANDALAS PARA IMPRIMIR EN INTERNET. AO IGUAL QUE PARA A ACTIVIDADE ANTERIOR, EN **PINTEREST** TEMOS MOITOS EXEMPLOS DE MATERIAIS, TIPOS DE MANDALAS E IMPRIMIBLES.



5- PODEMOS CREAR AS NOSAS MANDALAS COMO AS DO PINTOR "GRAFITEIRO": **OKUDA**.



6-PROPOSTA DE VISITA: **AUDIoguÍAS MUSEO DO PRADO**: https://www.youtube.com/watch?v=PC_NxAhTIZc

4-METODOLOXÍA

Traballamos cunha metodoloxía activa, un proceso baseado na comunicación neste caso: mestra-familia-estudiante, cun material adaptado á realidade que estamos a vivir, e que conleva e potencia a implicación responsable da familia co proceso de ensino-aprendizaxe.

Caracterízase porque o alumno/a é o protagonista da súa aprendizaxe. Trátase dunha aprendizaxe autodirixido polas mestras (a través da páxina web do centro) e contextualizado na situación real do mundo actual, intentando en todo momento favorecer a aprendizaxe e a motivación do alumno.

A planificación das tarefas semanais faise de maneira aberta, tamén, respetando e dando espazo ás familias na realización das actividades.

Estas actividades están explicadas, organizadas, orientadas, ... incluso con enlaces que axudan, amplían e guían tanto ás familias como ao alumnado... de maneira que, neste caso, os pais e nais poidan acompañar aos nenos como guías principais.

E coma sempre, todo este traballo xirará arredor dos grandes eixos metodolóxicos para esta etapa: será unha aprendizaxe significativa, activa, manipulativa, que xere curiosidade e alimente o entusiasmo, a sorpresa,...

AUTONOMÍA PERSONAL

1-INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento de hábitos de autonomía está na base do aprendizaxe dos cativos/as. Unha aprendizaxe que vai máis alá da aula e que supón unha inversión para o futuro.

A autonomía é a capacidade que permite a unha persoa actuar seguindo o seu criterio, con independencia da opinión ou xuízo de outros.

Axudar aos nenos e nenas a ser máis autónomos é unha tarefa relativamente sinxela, trátase de permitirlles tomar decisións e asumir responsabilidades. Non teñen que ser grandes metas, senón máis ben, habilidades e tarefas adaptadas a súa idade como recoller, ordenar, preparar a mochila...

A capacidade de facer as cousas por sí mesmos, é fundamental para superar inseguridades e para coidar a autoestima.

A adquisición de hábitos de hixiene, alimentación e descanso, fai que sexan responsables de sí mesmos. Se son responsables de sí mesmos non necesitan un adulto para desenvolverse en diferentes contextos.

É un proceso gradual, hai que propoñerlles actividades inicialmente moi sinxelas, sen adiantarnos a facerllas, porque deste xeito, pensarán que non os vemos capaces, dándolles moita marxe de liberdade para que o fagan solos.

Somos conscientes de que a escola soa, se non está coordinada coa familia, é insuficiente para eliminar moitos dos hábitos insáns instaurados na vida adulta. A tarefa de educar non é solo patrimonio da escola, o ambiente familiar é moi importante para crear hábitos positivos non nenos/as. As familias deben coñecer e colaborar nos hábitos que deben adquirir os seus fillos/as.

2-OBXETIVOS

1. Mellorar a autoestima e a seguridade en si mesmos
2. Adquirir confianza nas capacidades propias.
3. Axudar aos nenos e nenas a ser máis autónomos
4. Adquirir hábitos de hixiene, alimentación e descanso
5. Fomentar o aprendizaxe de normas e a comprensión das mesmas
6. Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación do desenvolvemento das tarefas.

3-ACTIVIDADES

Hábitos e Autonomía Personal II



Mientras ímos xogando, seguimos aprendendo... esta semana a proposta é seguir colaborando coa nosa familia, para que xuntos, podamos **ELABORAR UN CADRO DE RUTINAS DIARIAS**.

Esta ferramenta, facilitará moito nos vosos nenos/as que haxa unha rutina semanal que lles aportará unha maior estabilidade emocional, unha maior autonomía e nos evitará moitos conflitos.

A continuación, amosamos diferentes tarefas que os nenos/as poden facer segundo as súas idades:

2-3 años	4-5 años	6-7 años
Guardar los juguetes	Mejorar su baño	Organizar su cuarto
Limpieza de mesa	Colocarse los dientes	Organizar su trastero
Cortar pelo	Planear su mesa	Limpiar su habitación
Pegar plantas	Asar pan	Decorar los juguetes
Guardar su ropa	Lavar los platos con ayuda	Limpiar la cama

¿CÓMO PODEMOS FACER UN CADRO DE RUTINAS?

⊗ Será importante ter presente que NESTAS TAREFAS QUE ÍMOS PROPOÑER cos nosos nenos/as, PARA ELES NON PODE SUPOÑER MAIS QUE UN XOGO.

⊗ É IMPORTANTE QUE O PODAMOS ELABORAR XUNTOS, xa que o pequeno/a o ten que sentir COMO UNHA CREACIÓN PROPIA para que o VALORE como tal.

⊗ Teremos que ter en conta as tarefas que os nenos/as poden facer segundo as súas idades.

⊗ Despois será necesario poder plasmar con imáxenes as rutinas que queiramos traballar. Por exemplo: Lavar os dentes, Facer experimentos,...



⊗ Sería XENIAL, poder facelo con IMÁXENES REAIS DOS NÓSOS CATIVOS/AS, pero de non ser posible o podemos facer con debuxos, imaxes recortables... E incluso cos nenos/as mais maiores empregando IMÁXENES-ESCRITURA.

⊗ Cando teñamos todo elaborado. Podemos deixar que os nosos/as fillos/as, elixan o lugar onde queren colocalo.



⊗ Algúns exemplos poderían ser os seguintes:



⊗ E TENDO EN CONTA A IDADE DOS ALUMNOS/AS, os maiores poderían face

⊗ É recomendable que o empreguemos de xeito ORIENTATIVO, e nunca de forma rixida.

⊗ Si ningún momento facemos cambios na nosa rutina, só teremos que falalo cós pequenos/as e deixar que fagan que fagan os cambios necesarios ao principio do día.

BIQUIÑOS PARA TODOS E ATA A PRÓXIMA SEMANA!!

4-METODOLOXÍA

Segundo María Montessori, os nenos e nenas teñen que ter unha referencia de como desenvolver correctamente os hábitos e as rutinas que se lles esixen, facendo un uso axeitado dos materiais e, ao mesmo tempo, adquirindo destrezas nos seus movementos, no seu control e na súa vontade. Os responsables de amosar e involucrar aos nenos e nenas en hábitos sáns e en rutinas positiva son a familia, os pais/nais ou figuras de apego, e no contexto educativo, as mestras/es.

O desenvolvemento da autonomía persoal, a través dos hábitos e das rutinas, fai que se favoreza a autoestima dos cativos/as, ao ser capaces de facer estas accións de forma autónoma séntense máis motivados, dispostos e valiosos. Eles mesmos poden ver os progresos que van facendo.

CIENCIAS E EXPERIENCIAS

1-INTRODUCCIÓN

A etapa da Educación Infantil aparece nas vidas dos nenos/as no momento en que comezan a establecer un contacto, máis aló do puramente instintivo, cos fenómenos naturais. Por tanto, este tramo educativo debe constituír o primeiro paso cara a formación científica das persoas, e por iso, levamos a Ciencia ás nosas aulas (e neste momento ás casas).

Nelas, as nenas e os nenos descubren, coñecen e comprenden, nas referencias que lle son propias, fenómenos científicos que conforman a súa realidade.

Pero ademais, introducindo tópicos como a luz, as flores, a auga, a liña da vida, ...imos moito máis aló do mero achegamento da ciencia aos nenos/as. En efecto, os procesos que conforman o traballo científico son un instrumento enormemente eficaz para todos os elementos curriculares que deben estar presentes na Educación Infantil.

Para levar a cabo estas actividades temos en conta, os seus coñecementos previos. O que se pretende é ensinar aos nenos/as a "aprender a aprender" a través da súa propia acción. Isto condúceos directamente a unha modificación dos seus esquemas de coñecemento, asegurando así, a construción de aprendizaxes significativas, fundamentais para o seu desenvolvemento.

Ademais, dado que a actividade é a súa principal fonte de aprendizaxe, durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, motivamos aos alumnos/as para que se sintan atraídos cara a aspectos relacionados coas ciencias. Deste xeito conseguimos estimular a súa creatividade, a imaxinación e a observación, así como a acción e a experimentación. Todo isto, é preciso para que os nenos/as expresen os seus intereses, descubran as relacións, as propiedades dos obxectos, etc.

Para favorecer isto, preséntanse as actividades cunha dificultade adaptada as súas posibilidades, xa que a motivación positiva e os pequenos logros diarios son fundamentais na metodoloxía empregada.

2-OBXETIVOS

- Introducilos no mundo científico. Promover a aprendizaxe e actitudes científicas.
- Aprender a observar fenómenos e reflexionar sobre eles e aprender a facer preguntas sobre un tema dado.
- Disfrutar da realización de diferentes actividades e experiencias relacionadas coa ciencia.
- Explicar científicamente os fenómenos: aplicar coñecementos científicos a determinadas situacións, descubrir fenómenos científicamente e identificar as descripcións e aplicación apropiadas.

- Coñecer o mundo no que vivimos e comprender o noso contorno natural.
- Diseñar secuencias de actividades que favorezan a apropiación do coñecemento por parte dos alumnos.
- Observar e explorar de forma activa o seu contorno e mostrar interese por situacións e feitos significativos, identificando as súas consecuencias.
- Interesarse polos elementos físicos do contorno, identificar as súas propiedades, posibilidades de transformación e utilidade para a vida e mostrar actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

3-METODOLOXÍA

Traballamos cunha metodoloxía activa, un proceso baseado na comunicación neste caso: mestra-familia-estudiante, cun material adaptado á realidade que estamos a vivir, e que conleva e potencia a implicación responsable da familia co proceso de ensino-aprendizaxe.

Caracterízase porque o alumno/a é o protagonista da súa aprendizaxe. Trátase dunha aprendizaxe autodirixida polas mestras (a través da páxina web do centro) e contextualizado na situación real do mundo actual, intentando en todo momento favorecer a aprendizaxe a a motivación do alumno.

A planificación das tarefas semanais faise de maneira aberta tamén, respetando e dando espazo ás familias na realización das actividades.

Estas actividades están explicadas, organizadas, orientadas,... incluso con enlaces que axudan, amplían e guían tanto ás familias como ao alumnado... de maneira que, neste caso, os pais e nais poidan acompañar aos nenos como guías principais.

E coma sempre, todo este traballo xirará arredor dos grandes eixos metodolóxicos para esta etapa: será unha aprendizaxe significativa, activa, manipulativa, que xere curiosidade e alimete o entusiasmo, a sorpresa,...

4-ACTIVIDADES

A continuación, e como exemplo das actividades expostas no apartado de Ciencias da nosa páxina web (que se renovan semanalmente), expoño a primeira das actividades: A FLOR. Dicar que, cada semana se escolle un tema e se propoñen diversas actividades que xiran arredor dese tema ou elemento a traballar. Para a programación destas actividades tense en conta o momento que estamos a vivir, os recursos cos que poden contar as familias, os materiais que precisan, o grao de dificultade, ... intentando que sexan o máis adecuadas posibles ás circunstancias. Tamén, de igual modo, se tén en conta que sexan lúdicas, activas, e que deixen lugar á liberdade de creación.

1- ACTIVIDADE: EXPERIENCIAS COAS

FLORES

COA CHEGADA DA PRIMAVERA, PROPOÑEMOS O ESTUDO DAS FLORES COMO PRIMEIRA DAS EXPERIENCIAS. A CONTINUACIÓN RECOMENDAMOS UNHA SERIE DE ACTIVIDADES PARA O SEU ESTUDO:

1-CREAR UN CADERNO DE EXPLORADOR: UNHA PEQUENA LIBRETA ONDE SE VAIAN REXISTRANDO AS INVESTIGACIÓNS QUE FAGAMOS. EN CADA PÁXINA REXISTRAREMOS O SEGUINTE:

NOME:	DATA:
OBXECTO A EXPLORAR (NOME DA FLOR):	
CARACTERÍSTICAS(COR, FORMA, Nº DE PÉTALOS, ETC)	
DEBUXO OU FOTO.	

ENTENDENDO QUE CADA NENO/A CUBRIRÁ ESTOS DATOS EN FUNCIÓN DO SEU NIVEL, POLO QUE, PODERÁN FACELO CON PLABRAS, LETRAS RECORTADAS, DEBUXOS, CORES, ETC.

ESTE CADERNO EXPLORADOR PODEMOS USALO ATA FINAIS DE CURSO, INVESTIGANDO ADEMAIS DAS FLORES, CALQUER OUTRO CONTIDO.

2-EXPERIENCIAS SOBRE AS PARTES DAS PLANTAS:

- **RAIZ:** POÑER NUN TARRO DE CRISTAL UN ALGODÓN EMPAPADO CON AUGA E UNHA FABA/LENTELLA ENRIBA. AO LONGO DE 15 DIAS, OBSERVAR COMO MEDRA A RAÍZ, O TALO, AS FOLLAS... IR REXISTRANDO NO CADERNO CADA OBSERVACIÓ: PODEMOS OBSERVAR CON LUPA, MEDIR, ...
- **TALO:** TINGUIR CARAVEIS /TINGUIR APIO. COLLEMOS UN VASO CON AUGA TEMPLADA E LLE ENGADIMOS COLORANTES ALIMENTARIO (MELLOR DE CORES FORTES: VERMELLO, AZUL, ...AÍNDA QUE TAMÉN PODEMOS MESTURAR VARIOS COLORANTES). COLLER OS CARAVEIS OU O APIO (MELLOR QUE TEÑA FOLLAS) E DARLLE UNS PEQUENOS CORTES NA BASE DO TALO CARA ARRIBA.. METER OS CAVEIS OU O APIO NO VASO COA AUGA .

1-PREGUNTAR: QUE CREMOS QUE VAI PASAR. CREAR HIPÓTESES SOBRE O QUE PENSAN QUE SUCE-
DERÁ.

2-OBSERVAR AO LONGO DO DÍA O QUE SUCEDE. VOLVER A OBSERVAR EN DÍAS SUCEIVOS.

3-CONCLUIR A EXPERIENCIA.

- **FLOR:** SE PODEMOS SAIMOS AO XARDÍN E OBSERVAMOS FLORES. DE NON TER XARDÍN OU NON PODER SAÍR, BUSCAMOS FLORES EN INTERNET E FALAMOS SOBRE ELAS.

-XOGAMOS A QUITAR CADA PARTE DA FLOR E OBSERVAMOS AS PARTES, CONTAMOS OS PÉTALOS, E REXISTRAMOS NO CADERNO OU FACEMOS UN DEBUXO.

3-ENLACES, PÁXINAS A VISITAR e imprimibles:

-<https://mimontessori.files.wordpress.com/2016/07/partes-de-la-planta-letra-imprenta.pdf>

-<https://mimontessori.org/2016/08/18/partes-de-la-planta-y-partes-de-la-semilla/>

-<https://mimontessori.org/2016/07/30/partes-de-la-flor/>

-<https://jaisaeducativos.net/>

-<https://tigriteando.com/creative-nature-botanica-miniland/>

CÁLCULO ABN

1-INTRODUCCIÓN

O método ABN xa é utilizado nas nosas aulas, polo que ó alumnado non lle resulta alleo. Neste método as actividades manipulativas son imprescindibles para abstraer e construír habilidades mentais e así chegar á aprendizaxe significativa.

As siglas que compoñen o seu nome significan: Aberto Basado en Números. E neste método non se traballa coas cifras senon cos números, así o tradicional ábaco deixa paso á recta numérica e á tabla do cen, así como ás unidades, decenas e centenas.

Neste método a individualización é unha realidade o que axuda a un traballo máis personalizado. Ademais temos que ter en conta que non vai a haber unha única forma de facer os cálculos que se plantexan, cada rapaz e rapaza vai a facelos á súa maneira e dependendo da súa capacidade, repetando así as diferencias entre o alumnado.

Para traballar imos a usar obxectos da vida cotiá: lápices, botón, palillos,... Elementos fáciles de atopar nunha casa nestes momentos nos que nos vai a resultar moi complicado sair a mercar.

Imos buscar a parte positiva desta situación (aínda que sexa nun momento tan complicado como este): a familia vai a traballar dunha forma activa e vai a entender un pouco mellor en que consiste este método co que xa levamos traballando un tempo nas aulas e que ás veces é complicado de explicar e de entender nunha charla dunha reunión.

2-OBXETIVOS

- Facilitar ás familias instrumentos cos que traballar o ámbito matemático desde a súa casa e con materiais básicos que se podan atopar en calquera fogar.
- Xerar unha actitude positiva ante a aprendizaxe dos números e as súas relacións.
- Ser capaz de resolver problemas moi sinxelos da vida diaria.
- Desarrollar o gusto polo traballo en familia.

3-ACTIVIDADES

Ó longo destas semanas imos a propoñer actividades ás familias dentro de cada ámbito e no caso do ABN imos a poñer un exemplo de actividades proposta unha das semanas.

CÁLCULO ABN

Outra semana máis imos a proponer actividades que esperamos que vos gusten e vos resulten útiles para disfrutar en familia.

ACTIVIDADE 1

Imos esta vez a fabricar un puzzle un pouco especial. Para realizalo necesitamos unha imaxe. Como sempre, podemos obtela de distintas fontes: un recorte de unha revista ou xornal, unha foto nosa, ou un debuxo precioso que fagan os/as peques.

Si queremos que teña máis consistencia e nos dure máis tempo podemos pegala nunha superficie dura como unha cartulina ou un cartón.

O seguinte que temos que facer son rectas verticais da forma que podedes ver na foto que tendes na parte inferior. En cada rectángulo escribimos un número na parte de abaixo. Ó final temos que coller a tesoura e ir recortando polas liñas negras e así teríamos (no caso do debuxo de abaixo) 10 rectángulos que iríamos unindo, empezando polo número máis pequeno e rematando polo maior para conseguir completar o puzzle.

Agora é onde se complica porque tendes que elixir os números dependendo do nivel dos vosos fillos e fillas. Para os máis pequenos podemos empezar polo número 1, pero para os maiores tendes vós que ver o nivel dos vosos nenos e nenas. Podemos facer o traballo con debuxos máis grandes ou máis pequenos dependendo do que nós queiramos.

Todo se pode complicar e poñer os números ó revés, é dicir, o primeiro rectángulo que teñamos que colocar tería escrito o número 19 (no caso do debuxo de abaixo) e o último o 10, ou calquera outra variedade que se vos ocorra. Lembraide que todo este proceso pódese facer cos peques: elixir o debuxo ou foto, pegala, facer os rectángulos, escribir os números,...



4-METODOLOXÍA

Desde o centro sostemos que a aprendizaxe non é o almacenamento de información, senon que é importante relacionar esa información e interiorizala. Polo que, a aprendizaxe é experiencia. Non se valora a obtención de un resultado coa actividade levada a cabo, senon que o importante é o procedemento polo que se chega a ese resultado.

A metodoloxía do ABN axúdanos a conseguir esta meta xa que é aberta e natural. Cada neno e nena aprende ó seu ritmo, manipulando e experimentando con materiais en situacións cotiás, non facéndoo de forma mecánica. Ademáis de ser un traballo lúdico que motiva ó alumnado.

As actividades manipulativas son imprescindibles nesta metodoloxía e son un medio para abstraer e construír habilidades mentais.

En toda esta metodoloxía hai que ter en conta á familia, xa que vai a ser ésta a que leve a cabo todo o traballo co neno, coa axuda das mestras sempre que o necesiten.

ENGLISH

1-INTRODUCCIÓN

Posto que estamos na etapa de educación infantil o inglés será entendido coma unha ferramenta máis para o desenvolvemento da aprendizaxe do medio que rodea ao alumnado.

Seguiremos coa aprendizaxe da lingua estranxeira do mesmo xeito que a da lingua materna e neste terceiro trimestre ao igual que nos dous anteriores a destreza traballada principalmente será a comprensión oral, sen descoidar a produción, aínda que esta vai ser un pouco máis complicada por estar a levar a cabo a labor docente telemáticamente.

2-OBXETIVOS

Nesta terceira avaliación prestaremos atención principalmente aos seguintes obxectivos:

- Utilizar a lingua estranxeira como parte do desenvolvemento do alumnado.
- Apreciar e poñer en valor outras linguas e culturas.
- Responder de maneira verbal ou non a instrucións sinxelas.
- Recordar aspectos traballados na aula con anterioridade.

3-ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

As actividades levadas a cabo estarán baseadas principalmente no TPR (total physical response) -aprender facendo.

O input lingüístico será presentado mediante material audiovisual: cancións, contos, xogos Unha vez visionado ese material procurase que leven a cabo algunha actividade específica coas súas familias.

Teremos en conta que as familias non necesariamente teñen porque coñecer a lingua estranxeira, por iso, cando se presenta a actividade na web vai en inglés e tamén en galego para que decidan que lingua van utilizar para rematar a actividade.

Algúns exemplos de actividades (de xeito xeral):

- Rutinas de calendario (traballarán os meses e os días da semana) empregando a mesma web que na escola.
- escoitar unha canción onde se pida reproducir o que escoitamos (touch your nose).
- escoitar e ver un conto para logo falar da historia; what colour was x hair? Has he got a big nose or a small nose?
- Ver unha historia e plasmar en papel o que máis lles gustou.

-etc

Na pestana de inglés da páxina web poden verse as actividades explicadas polo miúdo e organizadas por semanas.

HI CHILDRENHERE WE ARE!



Monkey and me have prepared some job for this week 20 th -24 th APRIL

(MONKEY e máis eu preparamos algunhas actividades para esta semana que estamos comezando).

A MODO DE COMEZO FACEMOS O CALENDARIO PARA SABER EN QUE DÍA E TAMÉN EN QUE MES NOS ATOPAMOS . PARA ISTO USAREMOS A PÁXINA www.starfall.com na parte inferior esquerda aparece o calendario onde eles teñen que ir arrastrando para completar. (a páxina ofrece moitas máis posibilidades por se queredes investigar).



FIRST ACTIVITY: LISTEN TO A SONG.

IF YOU ´RE HAPPY -super simple songs.

<https://www.youtube.com/watch?v=l4WNrvVjiTw>



A canción dinos se estamos felices ,enfadados ,asustados ou dormidos.

Imos escoitar a canción facendo os xestos que nos di que son moi sinxelos e ademais moitos deles e delas xa coñecen .

Unha vez escoitada a canción me gustaría que faledes de como vos sentides vós ;como se senten os peques pero tamén como vos sentides os maiores. Despois

desto nun folio en branco poñedes o día da semana que é e cada un debúxase a si mesmo tal e como se sente.

Podedes escoitar a canción varios días para comparar se sempre se senten igual ou non e podemos aproveitar tamén para falar de por qué non sempre o noso ánimo é o mesmo. Qué cousas nos fan estar tristes? Qué cousas nos fan estar felices?...

A teacher escoitando a canción na casa está triste porque faltan as vosas risas ,os vosos aplausos ,....escoitando a canción.

SECOND ACTIVITY:BODY PARTS.

Imos comezar a traballar o noso corpo.Para esto imos coller un espello e mirarnos a cara.

How manye yes have we got? How many ears have we got? How many mouths have got? What colour are my eyes ? Is my nose blue?

Con moito xesto e ao principio sinalando nós para que sexan conscientes de que parte falamos.Se non podedes en inglés non pasa nada! Falade do que ven na súa cara e cantas cousas teñen , e de que color son

AGORA CHEGA O MOMENTO DO MOVEMENTO .IMOS REPRESENTAR ,ESCOITAR E BAILAR A SEGUINTE CANCIÓN :

<https://www.youtube.com/watch?v=WX8HmogNyCY>



Podedes bailala e cantala as veces que queirades! Que non se olviden de facer os xestos ,xa que facendo ,facendo vou aprendendo.

Para rematar polo momento coas partes do corpo pero centrándonos na cara ,imos debuxar un monstruo.

Dibuxaremos un círculo grande nun papel en branco (aos máis peques podedes facerllo) e logo debuxarlle tantas narices ,bocas e ollos como queiran.Quedanos coloréalo e logo xogar con el utilizando o vocabulario das partes da cara e os números .

THIRD ACTIVITY:FIVE LITTLE MONKEYS.

Esta última actividade é unicamente para que bailen ,salten e o pasen xenial.Coñécena perfectamente así que MOVE YOUR BODIES.

<https://www.youtube.com/watch?v=bONHrFNZWh0>



AGARDO QUE AS DISFRUTEDES.

I MISS YOU!

UN BICO ENORME

ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

1-INTRODUCCIÓN

O noso traballo como mestres de Audición e Linguaxe pretende dar resposta ás necesidades específicas de comunicación e linguaxe do alumnado.

Durante este curso estivemos a realizar un Programa de Estimulación da Linguaxe (PELO) durante unha hora semanal con cada grupo.

O PELO cumpre cunha das funcións fundamentais de prevención e tratamento precoz das necesidades na área da linguaxe.

O programa terá en conta os diferentes aspectos lingüísticos: forma, contido e uso, co obxecto de facilitar o proceso de adquisición da linguaxe e un correcto desenvolvemento da mesma. Este Programa de Estimulación da Linguaxe

Dadas as especiais circunstancias nas que nos atopamos neste terceiro trimestre, optamos por intentar trasladar este Programa de Estimulación da Linguaxe Oral á casa, de xeito que podan seguir adquirindo os patróns fonolóxicos correctos.

2-OBXETIVOS

Os obxectivos que perseguimos coa realización do obradoiro serán:

- Estimular o desenvolvemento comunicativo, favorecendo a mellora dos procesos de comprensión e produción lingüística.
- Ampliar e correxir a linguaxe do alumnado.
- Fomentar unha linguaxe estruturada e elaborada, creando un ambiente lingüisticamente rico no que se procure o uso dun código o máis elaborado posible.
- Previr as posibles alteracións lingüísticas o máis precozmente posible, mediante a potenciación dos mecanismos básicos da linguaxe.

3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Para levalo á cabo nestas circunstancias optamos por subir á páxina web do cole dúas actividades semanais que permitan traballar para a consecución destes obxectivos. A primeira de estas actividades, é sempre unha actividade interactiva nunha web e a segunda é unha a realizar con algún membro da familia.

A continuación enuméranse algunhas actividades a modo de exemplo;


- Falamos sobre os sons que se producen en diferentes contextos (casa, rúa, granxa, escola...) e os tentamos imitar.
- Repetimos series de palabras ou díxitos
- Actividades para diferenciar palabras longas de palabras curtas.
- Xogos de sopro con diferentes materiais.
- Dicimos unha mesma frase con diferentes entonacións como se estivésemos contentos, tristes, abraiados...
- Nomeamos os obxectos, fotos, debuxos
- Traballamos as familias semánticas
- Seguimos instrucións.
- Conversas sobre os nosos intereses, gustos, sentimentos...
- Actividades coas formas lingüísticas socialmente correctas: saúdos, por favor, grazas...
- Facemos simulacións de situacións nos que nos poñemos no lugar doutros personaxes.
- Traballamos a comprensión con contos.

Ademáis desta proposta, como parte do DO, tamén continuaremos co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención a diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención a Diversidade, adaptándonos á situación do noso alumnado e ao seu benestar emocional tal e como recollen as instrucións citadas pola Consellería de educación e como se pode recoller na concreción do devandito plan.

Unha proposta de traballo semanal sería;

Hola a todos, cada vez queda menos para volvernos a ver, pero mientras os propongo algunas actividades/ juegos para que realicen los peques. Cada semana os propondré un par de actividades, una con juegos interactivos y otra para hacer en casa con ellos. Por supuesto son ideas que podéis adaptar a vosotros, para lo que también os doy opciones.

1. Realizar la tarea 1, de la página <https://view.genial.ly/5e73527766abcc0f6863c46b>
Se trata de un pequeño juego de vocabulario, atención y discriminación auditiva.
2. Identificamos sonidos: para eso os doy una muestra de esta actividad del blog de Eugenia romero donde los podéis descargar si quereis aunque la idea es que lo useis así o simplemente lo adapteis a como os venga mejor a vosotros (<https://www.maestrosdeaudicionylenguaje.com/el-abecedario-de-galletas/>). Se trata de ver por qué letra empieza cada cosa. Otra opción es hacerlo con juguetes o objetos de casa, podemos poner letras móviles o escribir letras en un folio e ir colocando cada cosa en la letra por la que empieza.(atención: todas se refieren a por cual empieza menos la "ñ" de araña, que es que palabra la contiene)



LECTO-ESCRITURA

1-INTRODUCCIÓN

A lectura e a escritura son dúas actividades complexas que nos resultan necesarias para acceder aos saberes organizados que forman a nosa cultura. Esta complexidade fai que sexa moi difícil dividir estas actividades en procesos máis pequenos sen que perdan o seu sentido. Ademais, non podemos esquecer o carácter social e interactivo da lectoescritura, posto que os intercambios comunicativos sempre teñen lugar nunha contorna social e cultural.

A nosa metodoloxía sitúase próxima a un **modelo constructivista** que entende a lectoescritura como un proceso global de construción e interpretación de significados dentro dunha contorna cultural e social.

O modelo constructivista considera a lectura e a escritura como dous procesos moi relacionados que teñen que abordarse dun xeito global para garantir o seu significado.

Dentro desta perspectiva non podemos esquecernos dos **coñecementos previos**. Os nenos e nenas desde ben pequenos xa posúen algunhas ideas sobre conceptos lingüísticos malia que non coñecen o significado convencional dos mesmos.

A evolución do proceso da lectoescritura pasa por unha serie de etapas que temos que coñecer para saber onde se atopa cada escolar. Esta etapas, segundo Teberosky, son as seguintes:

7. *Escrituras presilábicas*: debuxo, escrituras indiferenciadas ou diferenciadas
8. *Escrituras silábicas*: vocálicas ou consonantes.
9. *Escrituras silabicoalfabéticas*.
10. *Escrituras alfabéticas*.

2-METODOLOXÍA

Debemos de ter en conta unha serie de recomendacións metodolóxicas para favorecer a aprendizaxe da lectoescritura:

- Os nenos/as deben de ser **protagonistas** do seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- Ter en conta os seus **coñecementos previos** así como os seus **intereses e motivacións**.
- Asegurarse de que a aprendizaxe é **funcional, significativo**, intentando que as actividades de lectoescritura sexan o máis próximas a situacións reais posibles.
- Propiciar a **autoestima e a autonomía** dos nenos/as

2-OBXETIVOS

- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de texto: o nome propio, os contos, poesía, adiviñas, receitas...
- Comprender que as palabras poden representar pensamentos, ideas, intencións...
- Empregar a lecto-escritura como instrumento de comunicación.
- Potenciar a capacidade creativa e a imaxinación dos nenos e nenas.
- Achegarse á lecto-escritura con interese e curiosidade.
- Facer uso dos contos como fonte de pracer.
- Reflexionar sobre os seus gustos e preferencias.
- Canalizar e provocar diferentes estados de ánimo a través dos contos, cancións, poesías...

3-ACTIVIDADES

Para traballar a lectoescritura utilizamos diferentes tipos de actividades con distintos tipos de texto, por exemplo:

Textos funcionais: nomes propios, nomes comúns, listas, notas, receitas, datas,..

Contos, poesías, cancións, adiviñas, trabalinguas,...

Noticias, cómics...

A planificación dunhas propostas tipo, serían;

PROPOSTA DE LECTO-ESCRITURA

AQUÍ DEIXAMOS UN ESQUEMA NO QUE SE EXPLICA DE XEITO MOI SINXELO E CLARO AS ETAPAS DE ADQUISICIÓN DA LECTO-ESCRITURA, É IMPORTANTE RESPECTAR A EVOLUCIÓN NATURAL DOS CATIVOS.



O NOME PROPIO É O PRIMEIRO TEXTO QUE UNHA NENA OU NENO QUERE RECOÑECER (LER) E ESCRIBIR. TAMÉN LLES INTERESA OS NOMES DOS PAIS, IRMÁNS, COMPAÑEIRO, MASCOTAS... É UN BO MODELO DE ESCRITURA, É UNHA PARTE MOI IMPORTANTE DA SÚA IDENTIDADE, É MOI MOTIVANTE POLA CARGA AFECTIVA. É UNHA FONTE DE INFORMACIÓN QUE IRÁ XERALIZANDO A OUTRAS ESCRITURAS E OFRECE UN GRAN REPERTORIO DE LETRAS QUE PODERÁN COMPARAR, CLASIFICAR, DIFERENCIAR...

ACTIVIDADES:

- FACER CARTELES COS NOMES DOS COMPAÑEIRO/AS OU DA FAMILIA
- FACER CLASIFICACIÓNS: NOMES LONGOS-CURTOS, OS QUE COMEZAN IGUAL OU REMATAN IGUAL, NOMES SIMPLES OU COMPOSTOS
- BUSCAR OS NOMES DOS COMPAÑEIRO DE MESA
- BUSCAR OS NOMES DAS NENAS OU DOS NENOS
- ESCOLLER DUNHA LISTA OS NOMES CORRECTOS, ALGÚNS ESTARÁN INCOMPLETOS OU MAL ESCRITOS
- OCULTAR PARTE DA TARXETA E INTENTAR ADIVINAR QUE NOME É
- BUSCAR NOS CONTOS QUE TEMOS NA CASA PALABRAS QUE COMENCEN POLA MESMA LETRA DO SEU NOME
- FACER UN FICHEIRO COS PERSONAXES DOS CONTOS QUE IMOS LENDO

<http://creciendofelicescampanar.blogspot.com/2018/03/el-nombre-propio-propuestas-de-trabajo.html>



ACTIVIDADES PARA MELLORAR A MOTRICIDADE FINA:

CON ESTE TIPO DE TRABALLO AXUDAMOS A NENAS E NENOS A PERFECCIONAR OS MOVEMENTOS FINOS DA MAN, FORTALECENDO O AGARRE DE PINZA E CENTRÁNDONOS, SOBRE TODO, NA COORDINACIÓN OLLO-MAN. A MOTRICIDADE FINA BÁSASE EN MOVEMENTOS PRECISOS E COORDINADOS DAS MANS, O OBXECTIVO FINAL VAI SER A PRECISIÓ NA ESCRITURA. PODEMOS APROVEITAR MATERIAIS QUE TEMOS NAS CASAS.



<https://elrincondeaprenderblog.wordpress.com/2016/02/14/recopilacion-de-50-actividades-para-trabajar-la-psicomotricidad-fina/amp/>

XOGO, MOVEMENTO E MÚSICA

1-INTRODUCCIÓN

Entendemos a psicomotricidade como a relación entre a actividade física ou capacidade de movemento do corpo humano e a capacidade psíquica. Sabendo que o periodo de educación infantil é, ante todo, receptivo, nos parecía sumamente importante introducir esta pestana con actividades para levar a cabo na casa. Deste xeito, pretendemos desenvolver o seu potencial de aprendizaxe dende os principios de actividade lúdica e globalización.

2-OBXETIVOS

Os obxectivos que nos imos plantexar para a programación das actividades son basicamente tres:

- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Fomentar o gusto pola música e a actividade física.

3-ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

O alumnado será o protagonista da actividade motriz. Ademais diso, levará a cabo diferentes experiencias e acadará unha aprendizaxe propiciada pola resolución de situacións. Así mesmo, gozará co que está a facer xa que a actividade motriz e altamente motivadora.

Enumeraremos a continuación algunhas actividades tipo que combinan o movemento coa música.

- Sillas /aros musicais.
- Estatuas musicais.
- Circuitos con obstáculos feitos no corredor da casa, por exemplo. Utilizarán como obstáculos elementos do seu día a día, por exemplo; unha alfomada.
- Coreografías imitando o visto nun vídeo.
- Duck ,duck ,goose
- Four corners
-

As actividades son pensadas para xogar en familia e tendo en conta que as sesións de psicomotricidade na escola contan coa presenza de Abbey a nosa auxiliar de conversa, imos aproveitar para reforzar o xa adquirido na lingua estranxeira. Pensamos que pode resultar

moi motivador para eles e elas porque terán que ensinarlles as súas familias como se xoga sendo así os protagonistas xa que son xogos tradicionais americanos.


Unha tarefa TIPO sería:

QUE ESTAR NA CASA NON NOS IMPIDA MOVERNOS E DISFRUTAR.ALÁ
IMOS...

1ª ACTIVIDADE

VAMOS ESCOITAR UNHA CANCIÓN E BAILALA.OS PEQUES VAN SER OS
PROTAGONISTAS.

POÑEMOS EN GOOGLE TINA Y TIN +NOME DO NENO OU NENA ,DESTE XEITO
CONSEGUIREMOS QUE A CANCIÓN QUE VAI SOAR OS TEÑA COMO
PROTAGONISTAS E VAN DISFRUTALA MOITO MÁIS SEGURO.



COMEZARÁ A SOAR O BAILE DA VASOIRA ,UN ROCK NO QUE UNHA VASOIRA
IMAXINARIA SE CONVERTE EN GUITARRA.

2ª ACTIVIDADE

IMOS FACER UNHA CARREIRA /PASEO DE OBSTÁCULOS NO CORREDOR DA CASA OU
AQUELES E AQUELAS MÁIS AFORTUNADOS QUE TEÑADES HORTA OU XARDÍN ,AO
AIRE LIBRE.

PRIMEIRO DE TODO TEMOS QUE PREPARAR O MATERIAL;PARA ISO COLLEAMOS
DIFERENTES OBXECTOS QUE TEÑAMOS POLA CASA: BOTELLAS,CADEIRAS
,PELUCHES ,CUBOS ,...E TODO AQUILO QUE SE VOS OCORRA. TRÁTASE DE IR
POÑENDO ESAS COUSAS POLO CAMIÑO E QUE PARA CHEGAR DA SAÍDA Á META OS
TEÑAMOS QUE IR SORTEANDO DE DIFERENTES XEITOS: SALTANDO ,GATEANDO
,CORRENDO ,ZIGZAGUEANDO...DEIXADE VOAR A IMAXINACIÓN XA QUE AS
NORMAS AS POÑEDES VÓS.ISO SI,QUE QUEDEN CLARAS DESDE O PRINCIPIO
PARA QUE LOGO NON TEÑAMOS ENFADOS JEJEJE



PROPOÑEMOS QUE MENTRAS SE LEVA A CABO A ACTIVIDADE ESCOITEDES UNHA
CANCIÓN.

3ª ACTIVIDADE

SEGUIMOS CON MÚSICA E MOVEMENTO PERO ESTA VEZ NON NOS MOVEREMOS LIBREMENTE SE NON QUE SEGUIREMOS AS INSTRUCCIÓNS QUE NOS DAN NA CANCIÓN.

IMOS ANDAR COMA CABALOS ,CANGREXOS,...

A CANCIÓN É LA FORMA DE CAMINAR DE LOS CANTAJUEGOS



https://www.youtube.com/watch?v=SJh1_d4yaEo

PARA REMATAR IMOS DEIXAR O ENLACE DUN VIDEO DO CIRQUE DU SOLEIL ,CONCRETAMENTE DO SEU ESPECTÁCULO OVO POR SE VOS ANIMADES A BOTARLLE UN VISTAZO.

UN XEITO DE TRAER UN ESPECTÁCULO MARABILLOSO AOS NOSOS FOGARES



<https://www.youtube.com/watch?v=mrXCIUsOXLA>

RELIXIÓN

1-OBXETIVOS

En esta 3º avaliación, e dada a situación excepcional que estamos a vivir, voume centrar nestes obxectivos xerais da Educación Infantil recollidos na programación anual.

Son obxectivos que fan referencia á comprensión e interacción do neno ou nena co seu entorno máis próximo.

- 1.Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno.
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
3. Respetar los signos e símbolos relixiosos do seu entorno.
4. Apreciar os valores cristiáns que favorecen a convivencia.

2-ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

As actividades que se van a levar a cabo son unha combinación de reforzón e ampliación. Partiremos do tempo litúrxico, cultural e festivo no que esteamos e a partir de aquí voules propor:

Actividades plásticas.

Visionado dalgún corto de valores.

Visionado dalgún relato bíblico infantil.

Cancións...

Estas actividades aparecerán detalladas na pestana de relixión da páxina web.

Para isto será preciso a colaboración e implicación das familias para que lles axuden e reenvíen as imaxes dos produtos da proposta.

Temos que ser conscientes e comprensivos, xa que as situacións particulares de cada familia son moi desiguales. Tanto no referente os medios e recursos tecnolóxicos, materiais e económicos, como no que se refira á posibilidade das familias de adicarlle ese tempo ás nosas propostas. Polo tanto, intentarei que sexan actividades sinxelas e con materiais o máis accesibles posible a todas as familias.

Unha proposta tipo sería;

RELIXIÓN CATÓLICA INFANTIL

SEMANA 11-15 DE MAIO

OLA. COMO ESTADES? ESPERO QUE TODOS BEN.

TEÑO MOITAS GANAS DE VERVOS.

HOXE VOUVOS PROPOÑER ALGO DE TRABALLO.

O DOMINGO PASADO FOI O DÍA DA NAI. RECORDAS **COMO SE CHAMA A NAI DE XESÚS?**



RECORDA A IMAXE DO PORTAL DE BELÉN.



POIS O MES DE MAIO ESTÁ ADICADO A ELA, A MARIA.

QUE VOS PARECE SI FACEDES VOS UNHA IMAXE DE MARIA?



CON UN POUCO DE AXUDA DUN MAIOR PODEDES FACELA.

PARA ISO **NECESITARÁS:**

- **UN ROLO DE PAPEL**
- **UN ROTULADOR** PARA DEBUXARLLE A CARA (SI TES OLLIÑOS BEN, SI NON DEBÚXALLOS)
- **PEGAMENTO.**
- **PARA VESTILA** PODES USAR RETALES DE TELAS, PAPEIS, FOLIOS DECORADOS POR TI, SERVILLETAS DE CORES... CALQUERA MATERIAL QUE SE CHE OCURRA E TEÑAS POLA CASA.
- **UN CORDÓN, UN FÍO DE LANA,...**

ESTA É OUTRA IMAXE QUE VOS PODE DAR IDEAS:



Podedes mandarme foto a ["relicatfrions@gmail.com"](mailto:relicatfrions@gmail.com)

OUTRAS PROPOSTAS REMARCABLES QUE APARECEN NA NOSA WEB

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: Recollido no Plan de Orientación. Dende o Departamento de Orientación, se realizan propostas semanais de traballo.

BIBLIOTECA: Onde a nosa coordinadora , xunto coa mascota da biblioteca Valerín, realizará moitísimas propostas coa finalidade de FOMENTAR O USO DA LECTURA, A TRAVÉS DO XOGO E A FANTASÍA. As modificacións que darán recollidas na Memoria Da Biblioteca.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA: Onde trataremos de facer propostas interesantes, para PODER SENTIR COA NOSA LINGUA. Dende o Equipo de Dinamización, a coordinadora levará a cabo propostas semanais, co obxecto de que OS NOSOS/AS CATIVOS/AS GOCEN E DISFRUTEN DOS SEUS CONTIDOS, de tal xeito que , se transformen nunha correa de transmisión da nosa riqueza e patrimonio cultural as súas familias. As modificacións que darán recollidas na Memoria de Dinamización Lingüística.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO

TITORA DE 4º EDUCACIÓN INFANTIL

Neste momento na clase de 4º de Educación Infantil hai matriculados 25 nenos e nenas. Desde a aula púxenme en contacto con 23 familias. As dúas familias coas que non puideren poñerme en contacto foi por causas de forza maior e a inspectora está informada desde o primeiro momento de estes dous casos.

Coas demais familias, funme poñendo en contacto, primeiro telefónicamente para comprobar que todos tiñan acceso a internet, que coñecía a nosa páxina web coas actividades que colocábamos semanalmente e que tiñan instalado ABALAR ou facilitarlle información de cómo podían instalalo si era do seu agrado, así como resolver todas as dúbidas que pudesen ter.

Todas as familias teñen posibilidade de acceder a internet e todas, menos unha, nestes momentos teñen instalado ABALAR. Tamén todas saben que poden poñerse en contacto con nós, como sempre, a través do correo e do teléfono do centro, porque aínda que non estemos presentes no mesmo, estes medios siguen activos.

TITORA DE 4º EDUCACIÓN INFANTIL

A comunicación coas familias lévase a cabo a través da Páxina Web do centro, da aplicación Abalar móbil, empregando o meu correo corporativo e vía telefónica.

Fíxose unha chamada a cada unha das familias do grupo para preguntar sobre a facilidade e posibilidade para estar conectados e recibir información (tanto a través da páxina web como da aplicación Abalar Móbil), aclarar dúbidas e ofrecer a nosa axuda en todo o que fose posible pola nosa parte.

TITORA 6º DE E.I

Dende a titoría de 6º de E.I utilizaranse as seguintes canles de comunicación co alumnado e coas familias.

- A Web como recurso onde se publicarán as actividades semanais a traballar establecidas en ámbitos, tal e como se explicou anteriormente.

- Abalar como medio de comunicación: facendo chegar difentes Avisos e Mensaxes. Dáse aviso ás familias semanalmente das novas tarefas que se van poñendo na web. Tamén, se pide información relevante que permita facer un seguemento do alumnado e da propia familia no que se refire a este proceso de ensino-aprendizaxe, pregúntase se precisan algún tipo de axuda, ... Reciben tamén mensaxes individuais, co fin de aclarar e resolver dúbidas, nas que as familias teñen opción á resposta. Tamén son informadas de que poden (por este medio) solicitar titorías.

- Ofrécese o correo corporativo da mestra-titora co fin de ter outra canle de comunicación, e solicítase un correo dun membro da familia para, do mesmo xeito, ter

outras canles para comunicarnos. Tamén, se ofrece a posibilidade de que as familias acheguen fotografías, vídeos,... do traballo que están a realizar na casa con nenos/as.

- Realízanse chamadas telefónicas para facer unha atención máis personalizada, e facer un seguemento máis polo miúdo da situación do alumnado, da familia,...

- Ofrécese a posibilidade de realizar videochamadas nas que poderán participar de maneira voluntaria, con autorización e acompañamento dun familiar.

MESTRA DE ENGLISH

A mestra de inglés está a utilizar Abalar móbil e o correo electrónico para comunicarse coas familias .

Na primeira comunicación enviouse unha notificación onde aparecía o correo corporativo da mestra por se algunha familia o necesitaba.

Nunha das actividades da web se pedía que mandasen unha foto e foron bastantes as familias as que a enviaron ao correo. Algunhas familias comunícanse por abalar e outras por correo sempre que o necesitan.

PUBLICIDADE

Poden verse a relación de actividades propostas na páxina WEB do noso centro educativo:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/eifernandezvarela/>